


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

13-14 de marzo do 2021

### IV DOMINGO DO TEMPO DE CORESMA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

♪ *Andarei na presenza do Señor*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para vivir este tempo da Coresma en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

En todos estes días de coresma seguimos preparándonos para a Pascua. Damos un pasiño máis neste noso camiño.

Xa nos imos achegando á Pascua e Xesús explícanos que o amor de Deus por nós é tan grande que por iso nos envía ao seu Fillo a compartir a nosa vida e darnos “vida eterna”.

O amor de Deus é a caridade que fai casa no noso corazón para que a fagamos frutificar na nosa vida. Por iso o lema para esta semana é NON APAGAR A CARIDADE.

A nosa caridade non se pode apagar nunca xa que é o máis importante da vida cristiá, pois non só participamos do amor de Deus, senón que facemos partícipes aos demais dese amor.

Comezamos a celebración coa ledicia de sabérmonos amados por Deus e ser transmisores dese amor nestes tempos difíciles de pandemia.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *A nosa vida está chea de ataduras que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para recuperar esa alegría temos que aprender a pedir perdón e a perdoar e facémolo neste momento:*

### Monitor/a

➤ Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces que na nosa vida soamente miramos cara o noso e esquecemos aos demais.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces que na nosa vida, como igrexa, damos unha imaxe de tristura e desalento.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

➤ Queremos pedirche perdón, Señor, polas veces en que non compartimos o teu amor cos que máis o necesitan.

**PERDÓN, SEÑOR, PERDÓN**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e necesitados de amor, a todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Con esta oración agradecemos ao Pai o regalo que é a vida de Xesús no medio de nós e pedímoslle que aumente a nosa fe.*

*(silenzo)*

### Celebrante:

Deus, noso Pai, Ti reconciliaches contigo a toda a humanidade, entregando o teu propio Fillo.

Aumenta a nosa fe de familia cristián, para que nos preparemos para celebrar con amor as vindeiras festas pascuais. Pedímoscho por Xesucristo noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### Monitor/a:

*San Paulo móstralle aos Efesios a grandeza do amor de Deus e a súa gratuidade: e por iso nós temos que mostrar ese mesmo amor xa que somos feitaura súa.*

*Xesús dános a alegría de saber que Deus se preocupa por nós e que cada un de nós somos importantes para El. Somos as súas testemuñas e temos que mostrar con obras e non só con palabras que actuamos conforme Deus quere.*

## LECTURA DA CARTA AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Deus, que é farturento en misericordia, polo grande amor que nos amosou cando estabamos nós mortos polos nosos pecados, fíxonos revivir con Cristo (salváronvos por pura benquerencia) e resucitou nos con El e con El fíxonos sentar no ceo en Cristo Xesús, para mostrarlles aos séculos vindeiros a rebordante riqueza da súa graza, manifesta na bondade que tivo connosco en Cristo Xesús. Porque vos salvaron por graza, mediante a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus; e non vén das obras, para que ninguén se dea méritos. Somos, logo, feitura del, creados en Cristo Xesús para facermos o ben no que Deus dispuxo de antemán que camiñemos

### Palabra do Señor

♪ 41 ♪ *Quen nos vai separar*      SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 71      Xn 3, 14-21      EVANXEO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolle Xesús a Nicodemo:

- Coma Moisés alzou a serpente no deserto, así debe ser alzado o Fillo do Home, para que todo o que cre nel,

teña vida eterna. Pois de tal xeito amou Deus o mundo, que lle deu o seu Fillo Unixénito, para que todo o que cre nel non se perda, senón que teña vida eterna.

Non mandou Deus o Fillo ao mundo para que xulgue o mundo, senón para que por el se salve o mundo. O que cre nel, non é xulgado; mais o que non cre, xa está xulgado, porque non creu no Fillo Unixénito de Deus. Nisto consiste o xuízo: en que, vindo a luz ao mundo, os homes escolleron a tebra en vez da luz, pois as súas obras eran ruíns. Pois todo o que fai o mal, odia a luz e non vén cara á luz, para que non o delaten as súas obras. Polo contrario, o que obra a verdade vén cara á luz, para que se vexan as súas obras porque están feitas como Deus quere.

### Palabra do Señor

(sentad@s)      gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



*Ilumina*



**NON APAGAR A CARIDADE.** Significa descubrila coma un camiño sen fin, como un camiño no que contaxiamos o corazón para o ben facer aos demais sen presumir nin aparentar. Son moitas as persoas que nos teñen demostrado **SER CARIDADE**.

Na vida o que verdadeiramente importa é o corazón. As cousas son necesarias pero o corazón é imprescindible. Así o viviu Xesús amosando que ser igrexa é facelo dende a bondade do crente que ama.

Nestes días de desacougo non podemos apagar a **CARIDADE** pois ven sendo a nosa man faturenta que se abre para os demais e a dos demais para nós, **COIDÁNDONOS**.

**(en pé) PROFESIÓN DA FE**  
**Celebrante:** Neste encontro familiar, sabendo Señor que Ti sempre estás á nosa beira, queremos facer camiño de coresma para chegar á Pascua. Dicimos.  
**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

**Monitor/a**

Credes en Deus,  
 Pai cheo de misericordia,  
 que nos dá **VIDA** na vida do seu fillo benquerido?  
**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes en Xesús,  
 que nos convida a ser Boa Nova  
 e que nos propón seguir as súas pegadas  
 como camiño de salvación?  
**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes no Espírito de Deus  
 que nos pon no camiño que vai da coresma á Pascua,  
 e que nos alenta para achegarnos  
 a cantos senten a vida como unha cruz?  
**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Credes na igrexa,  
 Comunidade que peregrina cara á Pascua,  
 cara á Vida,  
 cara á Resurrección?  
**Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Movidos pola fe que compartimos acudimos a ti, Pai de misericordia, agradecendo a presenza de Xesús no medio de nós, e facémolo dicindo:*

**GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR.**

### *Monitor/a*

✓ Por nós, para que fagamos a igrexa do fogar, ocupándonos máis de salvar e acoller, e menos de vulgar e condenar, oremos

✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que non fagamos da fe palabras e rutinas de condena, e si feitos e esperanzas de salvación, oremos

✓ Por cada un e cada unha de nós, para que, sentindo na nosa vida a ledicia de sabérmonos na man de Deus, saibamos transmitir VIDA ás persoas crucificadas do noso mundo, oremos

✓ Polas persoas que adican esforzos a erguer, a acompañar, a escoitar, a animar, oremos

✓ Polas mulleres que sofren as consecuencias dunha sociedade machista, e aínda necesitada de moitos esforzos na procura dunha igualdade auténtica, oremos

**Celebrante:** *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS EN FAMILIA

### NOSO PAI

**Celebrante:** *O Noso Pai fainos a todos irmáns ante Deus. A un irmán non se abandona nin se esquece por iso é bo que recordemos o que nos di o Evanxeo: amarás ao teu próximo, dádelles vós de comer. So así o podemos rezar de verdade: NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *O signo da paz neste momento quere ser o signo de que todos nós formamos unha soa comunidade unida nos sentimentos que nos transmite a fe. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa paz que nos desexamos.*

### NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN

**Celebrante:** *Compartir a fe é comprometer a vida en construír o Reino que trouxo Xesús. Como fixo El aprendamos a compartir sabendo que o que teño non é meu.*

*Ditosos nós que hoxe somos acollidos e convidados a facer crible este EVANXEO do Señor.*

 **No colo da miña nai ou Non vou só**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

*Para rematar a reflexión sobre a nosa caridade é bo recordar que un simple acto de caridade crea unha espiral sen fin. A caridade debe ser anónima, do contrario é presumir.*

*A nosa vida vale tanto como os actos de caridade que fagamos sen esperar recompensa algunha e sabendo que Deus conta con nós para levar a cabo o seu Reino xa nesta terra que puxo nas nosas mans.*

#### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Deus, noso Pai,  
que iluminas a toda persoa que ven a este mundo,  
ilumina os nosos corazóns  
para que os nosos pensamentos sexan axeitados,  
os nosos feitos merezan o teu agrado  
e o noso amor sexa sincero.  
Pedímoscho a Ti que vives e reinas  
por sempre eternamente.  
Amén

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*



“De tal xeito amou Deus ao mundo  
que mandou ao seu Fillo  
para que quen crea nel teña vida, e VIDA ETERNA”  
Palabras de Xesús a Nicodemo no evanxeo de hoxe

## Domingo 4º de Coresma: Oración: Unha esperanza coidadosa

Xesús, hoxe a cruz é silenciada e aparcada nun recuncho escuro.

Nos teus diálogos ás agachadas con Nicodemo, amósasnos que a cruz é a testemuña da desmesura do amor de Deus, o abrazo envolvente de Deus á humanidade, pola súa morte veunos a resurrección, a vida e á esperanza.

Xesús, ti queres que a Igrexa se apaixone pola vida de cada un, que sexa fogar cálido, nai que acolle e dá vida.

Ti, que morriches na cruz para sandar e curar, aliviar e liberar a tantos enfermos e oprimidos polo mal, ensina á túa Igrexa e aos que con orgullo a formamos a ser esperanza coidadora e coidadosa de todos os que hoxe son crucificados e necesitan do consolo, do amor salvador de Deus.

Dáanos un corazón de coidador, de nai, un corazón samaritano.

Material de Coresma da Diocese de Ourense para o ano 2021

4º de CORESMA

NON APAGAR A CARIDADE

Un simple acto de caridade crea unha espiral sen fin... A caridade debe ser anónima, do contrario é presumir. Mirao na película "Cadena de favores"



Marcos 12, 31 e Lucas 9, 13  
Amarás ao teu próximo como a ti mesmo.  
Dádelleis vós de comer.

CARIDADE  
É o Corazón da vida Cristiá.  
É a man que se tende a un irmán necesitado.  
É unha virtude.

Compartir é dar o que somos e o que temos.  
É dar sen esperar nada a cambio,  
é descubrir que o que teño non so é meu.

